

DECRETO NÚMERO 236/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADAS POLA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DE ÁREA.

Ilma. Sra. dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, vinte catro de marzo de dous mil nove.

Instruído o expediente relativo a: **RENUNCIA Á CELEBRACION DO CONTRATO DA OBRA DE PEATONALIZACION DO PARQUE DE FRIGSA . FASE I. FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL (09FEIL53)**

Examinado o expediente e visto:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento que na parte expositiva establece literalmente establece:

“ 1.- Resolucion da Secretaría de Estado de cooperacion Territorial de data 27 de xaneiro de 2009 (nº de rexistro telemático 20090127163523) pola que se aproba a realización da obra “Peonalización do parque de FRIGSA, fase I” con cargo ó Fondo Estatal de investimento local regulado por Real Decreto-Ley 9/2008 de 28 de novembro.

2.- O Decreto 123/2009 de data 25 de febreiro de 2009 da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego polo que se aproba, entre outros, o proxecto técnico das obras de “Petatonalizacion do parque de Frigsa Fase I” redactado pola enxeñeira de camiños dona Maria Luisa Menéndez Miramontes, o prego de cláusulas administrativas particulares así como a contratacion das obras de referencia.

3.- Anuncio de licitacion efectuada no Boletín Oficial da Provincia nº 58 de data 12 de marzo de 2009 así como no perfil do contratante do concello de Lugo. A data de remate para a presentacion das ofertas remata o día 25 de marzo de 2009.

4.- Informe da enxeñeira de camiños dona Marta Carballal Neira de data 24 de marzo de 2009 que textualmente dí:

“Con motivo da posta en marcha do Fondo Estatal de Investimento Local por parte do Goberno estatal, o Concello de Lugo aprobou unha serie de proxectos,

cuias obras se financiarán con cargo a este Fondo. Un destes proxectos é o “Proxecto de peatonalización do Parque de Frigsa. Fase I”, redactado en Xaneiro de 2009 por María Luisa Menéndez Miramontes.

Iniciado o trámite de licitación do proxecto, e dada a premura de todo o procedemento anterior de encargo, redacción, supervisión e aprobación do mesmo para cumprir os prazos establecidos polo Ministerio, por parte deste Servizo se procedeu a un segundo estudo máis detaiado do documento, detectando neste momento unha serie de erros que fan inviable a execución das obras contidas nel, tanto dende o punto de vista económico como dende o punto de vista técnico.

Se detaian a continuación os erros detectados no documento, coa fin de que quede suficientemente xustificada a imposibilidade de executar a obra de acordo co proxecto aprobado:

- *Se detectaron erros técnicos no capítulo de alumado público, no que faltan unidades de obra para poder poñer en funcionamento a instalación eléctrica: circuito de cobre, legalización de proxecto, OCA e posta en servizo, taxas e dereitos de conexión. Este tipo de erros fai inviable a entrada en servizo destas instalacións tal e como veñen descritas no proxecto, polo que se considera inviable técnicaamente o alumado proposto.*
- *Determinadas unidades de obra inclúen a execución de unidades auxiliares que supoñen un incremento económico considerable, estando valorada a partida a un prezo incluso máis baixo que o utilizado habitualmente para valorar exclusivamente a unidade de obra principal. Exemplo desto é a unidade de obra de pavimento de formigón impreso coloreado, que, a un prezo inferior ó que se valora habitualmente a execución exclusiva do pavimento, inclúe parte proporcional de adoquín de formigón envellecido ou bordo de formigón prefabricado, segundo despece de planos, o que supón uns 2.500 ml de adoquín ou bordo.*
- *Comprobado o prezo de mercado de determinados elementos, detectouse que no prezo de mercado de suministro se inclúe suministro, man de obra, obra civil e obras auxiliares, o que fai inviable económicaamente a súa execución.*
- *De forma xeral, os prezos das distintas unidades de obra son notablemente inferiores ós prezos de mercado.*

Sinalar que, precisamente polas características do propio Fondo de Inversión Local e polas prescricións da Lei 30/2007 de Contratos do Sector

Público non concorren ningunha das causas que permitirían a modificación do contrato, estando claro que é imposible executar as obras segundo as prescripcóns e determinacións do proxecto polo Presuposto Base de Licitación, sen precisar de modificacións que presumiblemente serán sustanciais.

Por todo o anteriormente exposto, e en base ó artigo 139 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que faculta ó organo de contratación para levar a cabo o desistimento do procedemento, plantéxase que se tome en consideración o desistimento do procedemento de adxudicación das obras incluídas no proxecto de “Peatonalización do Parque de Frigsa. Fase I”.

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas para a contratación da obra de referencia establece no seu apartado terceiro “ O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

SEGUNDO.- O artigo 139.2 da LCSP establece “ A renuncia á celebración do contrato ou o desistimento do procedemento só poderá acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación provisional. En ámbolos dous casos compensarase ós candidatos ou licitadores polos gastos en que houberan incorrido na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración. Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a súa renuncia”.

TERCEIRO.- No presente caso consta informe do servizo de enxeñaría que pon de manifesto erros técnicos en diversos capítulos do presuposto do proxecto e nos prezos de determinados elementos que fan a súa execución inviable. Significar que os prezos establecidos son prezos pechados sen que sexa posible, de conformidade coa cláusula cuarta dos pregos , alterar os mesmos e sen que o contratista teña dereito ó aboamento das modificacións do contrato que sexan necesarias para correxir deficiencias ou omisións do proxecto.

Non procede, a xuízo dos que subscriben, o desistimento do procedemento previsto no artigo 139.4 da LCSP xa que non se trata dunha infracción insubsanable das normas de preparación ou reguladoras do procedemento de adxudicación , polo que a alternativa para poder levar a cabo satisfactoriamente a

obra en cuestión sería renunciar á celebración do mesmo nas condicións e prezos establecidos no proxecto aprobado procedendo posteriormente á modificación inmediata do proxecto e á unha nova licitación, quedando así subsanadas as razóns que motivaron a renuncia.

CUARTO.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo 24/1174 da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2008 é competente a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e emprego, por delegación da Xunta de Goberno Local para a aprobación de proxectos de obras públicas, expedientes de contratación, autorizacións e compromisos de gastos, adxudicacións provisionais e definitivas e medidas para a axilización da tramitación dos procedementos de contratación derivados de actuacións que se financien con cargo ó Fondo de Investimento Municipal Creado por Real Decreto Lei do Consello de Ministros.

2.- Informe favorable de Asesoría Xurídica.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribucións conferidas á Tententa de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego en virtude do acordo 24/1174 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión que tivo lugar o 3 de decembro de 2008, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Renunciar á celebración do contrato para a realización da obras de peatonalización do Parque de Frigsa , Fase I polos motivos expostos na parte expositiva da presente resolución.

SEGUNDO.- Que se proceda por parte do servizo municipal de enxeñería á modificación do proxecto da obra “ Peatonalización do parque de Frigsa, Fase I” con corrección das deficiencias detectadas no proxecto actual e se proceda á súa aprobación, se procede.

Cúmprase.